

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O PÓR UNHA RÚA A NOME DE '8 DE MARZO'

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo socialista sempre estivo a carón do feminismo, no 2004 con Zapatero como presidente do Goberno aprobouse a lei contra a violencia de xénero (Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero), a do 'divorcio exprés' (Lei 15/2005, do 8 de xullo, pola que se modifican o Código Civil e a Lei de Enxuízamento Civil en materia de separación e divorcio), igualdade (Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes). Pero tamén no eido local, o noso partido é un referente do feminismo e o mellor exemplo é que a única candidata á alcaldía, voceira e secretaria xeral dun partido foi do noso grupo.

Consideramos que o feminismo é, como expresaba Simone de Beauvoir "unha forma de vivir individualmente e de loitar colectivamente", ou dito doutro xeito unha forma de vivir e actuar dando exemplo aos que veñen detrás.

O 8 de marzo, conmemórase nun contexto histórico e político cheo de dificultades para a sociedade en xeral e para as mulleres en particular. Por iso, debemos asentarnos nos piares do feminismo. Ese feminismo que persegue o respecto ás diferenzas e a igualdade real. Ese feminismo afastado da política revisionista e acomodada nas institucións. Ese feminismo que cambiou o mundo a través dunha revolución que modificou a práctica e o sentido da política, transformando os seus obxectivos en Universais.

Necesitamos unha cultura, unha sociedade, na que as mulleres sexan visibles, suxeitos de pleno dereito, non obxectos hipersexualizados ou mercantilizables. Necesitamos conseguir un xénero humano sen discriminacións por razón de sexo. Por iso fai falta que haxa institucións que defendan os dereitos das mulleres, que haxa presupostos destinados a erradicar a desigualdade e gobernos nos que, efectivamente, se sintan representadas.

Ás veces os xestos tamén son importantes, pequenos ou grandes, por ese motivo presentamos esta moción na que o día referente do feminismo quede reflexado no noso concello dándolle o nome de '8 de marzo' á actual Travesía do Concello. Consideramos que é a máis axeitada xa que alí se atopa o CIM. Unha rúa con nomenclatura feminista tendo en conta que, ademais, na nosa vila son moito máis numerosas o número de rúas con nome de homes ca de mulleres.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Que se proceda ó cambio de nome da rúa Travesía do Concello por '8 de marzo'.